



CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE AS ELECCIÓNS PARA A RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR DESTE CENTRO PÚBLICO

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Centros e Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos vanse convocar, neste Centro de ensino, eleccións para a renovación parcial dos representantes das familias e o Profesorado no Consello Escolar.

QUE É O CONSELLO ESCOLAR?

É o órgano de participación dos distintos compoñentes (familias, profesorado, persoal non docente e representación do Concello) da Comunidade escolar na xestión dun centro educativo.

CALES SON AS FUNCIÓNS DO CONSELLO ESCOLAR ?

Segundo o Artigo 9º.1 do Anexo do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias (DOG do 26 de xaneiro de 1999) as funcións do Consello Escolar son as seguintes:

- a) Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro.
- b) Elixir á dirección do centro.
- c) Propoñer a revogación do nomeamento de dirección.
- d) Resolver os conflitos e impoñer as correccións pertinentes con finalidade pedagóxica de acordo coa normativa que regula os dereitos e deberes dos alumnos.
- e) Decidir sobre a admisión de alumnos, con suxeición ao establecido na lexislación vixente.
- f) Aprobado e modificar o regulamento de réxime interior do centro.
- g) Elaborar as directrices para a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias e extraescolares, comedor, transporte escolar, visitas e outras actividades, así como a aprobación e avaliación da programación xeral delas.
- h) Aprobado o proxecto de orzamento do centro e a execución del.
- i) Aprobado e avaliar a programación xeral anual do centro.
- j) Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
- k) Promover a renovación das instalacións e equipamento do centro, e vixiar a súa conservación.
- l) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro.

m) Colaborar coa inspección educativa.

n) Constituír comisións de carácter estable ou temporal.

ñ) Establecer os criterios sobre a participación do centro en actividades culturais, deportivas ou recreativas.

o) Promover as relacións entre os diversos membros da comunidade escolar.

p) Participar activamente nos procesos de autoavaliación e avaliación externa do centro.

q) Solicitalle á Administración educativa o asesoramento que considere oportuno.

QUEN PODE PRESENTARSE?

Para a representación das familias poden presentar candidatura os pais, nais e/ou titores legais do alumnado que asiste a un centro.

O Consello Escolar do CEIP Pintor Antonio Fernández está composto pola directora, a xefa de estudos, cinco representantes do profesorado, cinco representantes das familias (catro persoas elixidas e unha nomeada directamente pola ANPA), un representante do persoal non docente e un representante do Concello designado directamente por este. Actúa de secretaria do Consello Escolar a secretaria do colexio que ten voz pero non ten voto.

Nesta renovación parcial elixíranse:

- tres profesores/as
- dous pais/nais
- un representante das familias nomeado directamente pola ANPA do centro

Poden votar todas persoas que estean no censo do colexio en cada un dos seus sectores.

CALENDARIO ELECTORAL

Segundo as directrices desa Resolución, a Xunta electoral deste centro estableceu o seguinte calendario electoral:

- **Do 8 ao 15 de novembro** EXPOSICIÓN DO CENSO ELECTORAL NO TABOLEIRO DE SECRETARÍA no seguinte horario:

LUNS / XOVES/ VENRES : DE 9:00 A 9:30 HORAS

LUNS A VENRES: DE 13:30 A 14:00 HORAS

- **Do 9 ao 16 de novembro** PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS (As persoas que queiran presentar candidatura, poden solicitar o impreso na Secretaría do Centro).

- **CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS**

| | |
|-------------|--------------------------|
| PROFESORADO | MARTES 23 DE NOVIEMBRE |
| FAMILIAS | MÉRCORES 24 DE NOVIEMBRE |

Esta Dirección anima aos pais e nais á participación activa en todo o proceso, á presentación de candidaturas aos respectivos sectores con representación e a que voten. Trátase de intentar mellorar, na medida do posible, todo o relativo á educación dos nenos e nenas que asisten a este colexio.

Moitas grazas, un saúdo

Mirta I. Misa Misa

Directora do CEIP Pintor Antonio Fernández